



Os

Pódcasts

É o podcast un xénero radiofónico?

Non, non o é. O podcast é un medio en si mesmo tal é como a tele, a radio ou as redes sociais. Aínda que é algo novo na comunicación, moitas veces pensámolo como outro tipo de programa de radio. Pero a verdade é que é algo diferente. É un medio propio onde podes atopar moitos estilos diferentes dependendo do que che guste.

Ás veces, escoitas xente falar de "podcast en directo", que soa moderno, pero en realidade iso é radio. Non debemos pensar que inventamos algo novo cando xa hai moito tempo que existen cousas similares.

O podcast é algo novo para comunicarnos, igual que as redes sociais, os blogs ou os vídeos baixo demanda. Non é radio, pero usa o mesmo idioma. É como unha nova forma de expresión que nos permite falar sobre o que nos gusta e compartir co mundo.

O termo podcast, nace da combinación das palabras "iPod" e "broadcasting" (retransmisión de radio ou televisión). Son emisións de audio e

vídeo



CC0 Dominio Publico PxHere

aloxadas en plataformas, onde se poden escoitar directamente ou descargar. Están a ter un impacto significativo na revitalización da radio convencional, achegando novos públicos e poñendo de novo en valor xéneros radiofónicos como a radionovela ou o serial.

Un exemplo disto son os podcasts do **Ministerio do Tempo**, que ofrecen contidos transmedia orixinais que estenden a ficción máis aló do límite do capítulo semanal, con pezas de

conversacións entre personaxes ou webisodios situados no mesmo universo.

A súa portabilidade e atemporalidade son clave. Podemos escoitar os nosos programas á carta onde quer que esteamos e cando queramos. O efémero da mensaxe radiofónica xa non é un problema.

A radio, porén, escóitase coa atención dividida, mentres se traballa, conduce ou

se fai deporte, tendendo á redundancia e aos toques de atención para recuperar aos oíntes. Os podcasts, en cambio, están máis pensados para escoitar con auriculares, adicando toda a nosa atención.

Son ademais temáticos e dirixidos a un público moi concreto, a diferenza da radio, que programa unha grella variada para todas as idades e gustos. Os podcasts funcionan por subscrición e permiten escoller cando escoitar, coa opción de deixalo e retomalo máis tarde.

Algúns podcasts populares son: Nadie sabe Nada, La vida moderna, La rosa de los vientos, Aquí hay dragones, Cuarto Milenio, Documentales sonoros, Negra y criminal, Días Extraños con Santiago Camacho, El Larguero, El transistor Tamén hai podcasts educativos que abordan temas variados e están dirixidos a diferentes audiencias, como: Asoc. Socio-pedagóxica Galega, Innovación educativa, Píldoras de educación, Educación al día, Contemos historias, Filosofía de bolsillo, Ser historia, A hombros de gigantes, La brújula de la ciencia, L de lengua, Ven con un cuento, Elementary podcasts,

Aínda que o podcast non sexa radio e non se transmita polas ondas de radio, está moi relacionado con este medio.

Os podcast si están estreitamente relacionados coa radio xa que organizan o seu contido en xéneros semellantes, coa súa propia maneira de contar historias ou falar de temas específicos.

Os xéneros radiofónicos:

Os xéneros radiofónicos dividense en: Informativos, interpretativos, de opinión e de ficción.

Neste xénero, o obxectivo principal é proporcionar información de forma obxectiva e imparcial. Trátase de manter unha visión neutral e centrarse nos feitos, evitando engadir opinións ou emocións. Dentro deste xénero, atopamos diferentes subxéneros:

Xenero informativo

Neste xénero, o obxectivo principal é proporcionar información de forma obxectiva e imparcial. Trátase de manter unha visión neutral e centrarse nos feitos, evitando engadir opinións ou emocións. Dentro deste xénero, atopamos diferentes subxéneros:

Nota informativa:

Responde ás preguntas básicas sobre un tema específico, fornecendo unha visión xeral concisa.

Flash informativo:

Unha versión moi breve dunha nota informativa, que se emite en casos de última hora ou eventos de gran importancia.

Entrevista:

Conversación con persoas relevantes ou expertas no tema tratado, que ofrece información adicional e puntos de vista diversos. Unha entrevista pode ser informativa pero tamén de opinión.

Reportaxe:

Unha cobertura máis extensa dun tema específico, na que se inclúe interpretación e análise dos feitos.

Crónica:

Narración cronolóxica dun tema ou evento, proporcionando contexto e explicando a secuencia dos acontecementos.

Este

Xénero radiofónico interpretativo:

Neste xénero, o enfoque vai máis alá da mera transmisión de información, permitindo analizar e interpretar os feitos para chegar a conclusións ou reflexións. Ademais dos elementos mencionados, pode incluír opinións e análises do presentador ou dos colaboradores. É común nos programas onde se comentan as noticias e se analizan os seus aspectos máis profundos.

Xénero radiofónico de opinión:

Aquí, a opinión persoal dos presentadores é o aspecto principal. O obxectivo é debater e expresar puntos de vista sobre diversos temas, convidando á audiencia a participar e compartir as súas opinións. Pode incluír debates, entrevistas e conversas cos ouvintes, creando unha dinámica interactiva e participativa.

Xénero radiofónico de ficción:

xénero abarca todo tipo de contos, narrativas e recreacións de situacións ou escenarios ficticios. Desde contos curtos ata radionovelas ou lecturas dramatizadas, ofrecen entretemento e evasión ao ouvinte. Tamén se poden crear contidos orixinais para podcast, ofrecendo historias únicas e envolventes para a audiencia. É un xénero onde a creatividade e a imaxinación teñen cabida, ofrecendo unha experiencia única e cativadora.



CC0 Dominio Publico PxHere

Temáticas e formatos habituais no podcast:

Hai para todos os gustos, pero estas categorías son algunhas das máis populares:

Radio e Televisión:

As emisoras colgan en formato podcast as súas emisións e algúns son tan ou máis populares á carta como na súa

emisión en directo, como "Nadie sabe nada" ou "La rosa de los vientos". Algúns programas de televisión, especialmente as ficcións, xeran contidos deseñados como podcast, moitas veces aproveitando o medio como táctica de lanzamento de novas tempadas, en combinación con outros elementos transmedia en redes sociais, promoción en outros mass media, etc.

Informativos e Deportivos:

Especialmente en formato magazine e apoiándose máis na crónica e no análise.

Crónica negra:

Extraordinariamente popular no noso país, é un formato eternamente condenado á madrugada en emisoras xeneralistas.

Podcasts de músicos:

Utilizados como autopromoción de baixo custo combinados co resto de redes sociais do artista. Mantén á fanbase ao tanto de futuros lanzamentos e logros varios.

Divulgación científica (e pseudocientífica):

Formato moi maltratado polos medios convencionais por pouco rendible, adoita ser unha sección dentro dun magazine ou relegado a horarios imposibles. Os podcasts dan acceso ao seu numeroso nicho de público.

Historia:

"La rosa de los vientos", por exemplo, móvese entre este xénero, a crónica negra, a divulgación científica e, ás veces, un pouco a pseudociencia dos avistamentos de ovnis ou as aparicións marianas. Ten a particularidade, como outros programas desas categorías, de ser perfecto para a sesta.

Formación a distancia:

Especialmente os de idiomas, aínda que, cos recentes acontecementos, xeneralizouse de xeito masivo, adiantándose anos ao que habería de acontecer de todos os xeitos.



CC0 Dominio Publico PxHere

Visitas guiadas a cidades, museos, etc.:

De xeito que podemos descargalos previamente a unha viaxe e aproveitalos durante ela.

Onde escoitalos:

Alóxanse en plataformas como:

Apple - Spotify - Google - PocketCasts - Overcast - iVoox - CastBox - TuneIn - Stitcher

Como crear un podcast

1. Plataformas de aloxamento

iVoox

Gratuíta e en castelán, é a máis popular. Non limita o número de episodios subidos.

Anchor

Permite gravar, editar e cargar audio desde calquera dispositivo. Como iVoox dá opción a obter ingresos.

Archive.org

É un espazo de almacenamento ilimitado de libros, música, vídeos, etc, que tamén aloxa podcasts.

1. **Escooller nome e categoría** (cine, música, deportes, salud, humor, asmr...)

Acertar coa categoría con que identificaremos o podcast é fundamental, porque por ela é que nos atoparán os oíntes. Temos que estudar qué está de moda e qué outros podcasts están a funcionar ben.

2. **Formato**

Duración, frecuencia, programas por tempada...

3. **Sintonías**

Principal e secundaria, ademáis de outras músicas que utilizaremos.

4. **Equipamento**

Podemos apañar cun micrófono e un ordenador, ou incluso só con unha tablet ou móvil, pero o ideal sería dispoñer tamén de:

- Micrófonos dinámicos (maletín de 3 micrófonos Behringer XM1800s, Audio-Technica ATR2100-USB Cardioid Dynamic USB/XLR...)
- Cables XLR macho/hembra para os micros
- Mesa de mesturas (Behringer Xenyx 302USB, Q802USB, Behringer Xenyx QX1202USB...)
- Auriculares (Sennheiser HD 202 II, Audio-Technica ATH-M30X)

a) **Buscar aloxamento** para o programa